

Os ninguén do planeta choran a Galeano

Os ninguén: os fillos de ninguén,
os donos de nada.
Que non son, aínda que sexan.
Que non falan idiomas, senón dialectos.
Que non profesan relixións,
senón supersticións.
Que non fan arte, senón artesanía.
Que non practican cultura, senón folclore.
Que non son seres humanos,
senón recursos humanos.
Que non teñen cara, senón brazos.
Que non teñen nome, senón número.
Os ninguén,
que custan menos que
a bala que os mata.

A foto que fala

Os nenos/as de Siria. A pequena Hudea réndese ao confundir a cámara cunha arma.



O trasno U-la política agraria?

Daniel López Muñoz



Está moi ben que o presidente Feijoo vaia agora arrepentíndose deses “erros que se cometeron hai tempo e que non se poden volver cometer”. Xa postos mesmo estará ben que se apurasen a inauguralo todo –que tampouco había tanto, vaia- antes do prazo legal que marca a lei electoral, xa que, á vista das enquisas, hai que facer pitelos mentres hai carballos.

Pero non se acaban de decatarse de que o problema que teñen é que o público de acá abaixo é cada vez mais adulto e máis indignable. E por iso as enquisas din cousas sorprendentes. Porque a xente xa non traga co de “foi sen querer” ou con esa pueril carreira por cortar cintas de pantanos ou tramos de

ferrocarril. Porque a xente decátase – pero eles seica non- de que, recortes á parte, aquí non hai políticas dignas de tal nome “que comunicar”. E xa poden suar a camiseta os gabinetes de prensa de entusiastas propagandistas con carné, pagados para “vender” o que non se fai e disfrazar o que se fai.

As cotas lácteas rematan. O mercado do leite queda liberalizado. Que política ten a Xunta de Galicia ao respecto? Alguén dos que vai votar en cuestión de semanas sabería identificar unha liña clara de traballo da Xunta para afrontar a nova situación?

Facer política é ter un modelo de país, o máis consensuado e explicado posible,

e liderar a loita por avanzar nesa dirección. A sensación con isto das cotas é que vai pasar... o que teña que pasar, o que corresponda. Ala! Así facemos a política nesta parte do *telón de grelos*.

Se todo se deixa nas mans do mercado será, efectivamente o que será. Quere-mos un país interior como un océano de eucaliptos con illotes de granxas industriais superintensivas, con escasísimo emprego, cun uso masivo de antibióticos e os máis diversos agrotóxicos? Non haberá un modelo dimensionado viable, forraxeiro, de calidade, cooperativo... polo que apostar, para ser debidamente explicado e fomentado?

Por que hai tantos miramentos cos produtores de enerxía eléctrica, ese oligopolio convertido na maior estafa é cidadanía despois da banca, e tan poucos cos produtores lácteos. Por que ese proteccionismo estatal ás eléctricas co déficit tarifario e demais andrómenas e esa resistencia a regular o mercado lácteo, a fixar un prezo mínimo que teña en conta os custes reais de produción. Será que ningún político pensa usar a porta xiratoria para virse muxir as vacas e carretar as cisternas de xurro?

A nova clase social chámase precariado, empregados que gañan un salario insuficiente para unha vida digna. Poderíase entender que un país empobrecido se vexa obrigado a axustar os salarios dos traballadores para que máis xente acceda ao mercado laboral. Pero sempre que esta baixada do nivel de vida se aplique a todos os seus habitantes de forma proporcional. Se as empresas son máis pobres, os seus altos cargos tamén deben recortar os seus salarios, e tamén deben baixar os seus beneficios, xa que o negocio, en teoría, non é o que era. E consecuentemente debería baixar tamén o custo da vida.

Pero non hai tal. Se imos tan mal, e todos temos que nos apertar o cinto, como pode ser que a vivenda baixase tan pouco? Como pode ser que a enerxía siga subindo de prezo? Por que afecta a crise de forma tan diferente a uns e a outros?

Hai unha gran mentira no “santo mercado libre” dos monopolios privados

Hai unha mentira no “santo mercado”. Mentres que algúns produtos si baixan o prezo, outros, esenciais, non se axeitan ao descenso de rendas da clase traballadora. A alimentación contivo os prezos e podemos adaptala a nosa carteira pola variedade de alimentos que se poden atopar nas tendas, nas hortas de proximidade, mercados e supermercados.

Pero outros mercados non son tan libres e abertos. Poderosos intereses impiden que o mercado funcione de forma libre. O enorme parque inmobiliario segue furtándoseos parcialmente e non se oferta na súa totalidade para non tirar os prezos. Os propietarios non teñen urxencia nin necesidade en vender; poden esperar. A banca rescatada con fondos públicos trasladou o seu parque inmobiliario ao SAREB, e este segue racionando a vivenda igual que facían antes os bancos e promotores.

O mercado da enerxía está deseñado contra os intereses dos fogares. As empresas petroleiras e eléctricas repártense sabiamente o mercado sen necesidade de entrar en *guerras de prezos* que danarían as contas de resultados e os salarios de dirección astronómicos. Por iso é razoable unha nacionalización, cando menos parcial, destes sectores. Privatizalos non trouxo consigo a súa liberalización. Se ten que haber monopolio, que sexa público.

Visto o visto, e mentres non se liberalicen realmente os mercados de bens de primeira necesidade, non se entende por que temos que liberalizar o mercado laboral se non é para aumentar as ganancias dos oligopolios financeiros e enerxéticos.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Deus está vivo. Iso cremos os cristiáns e as cristiás. Iso proclamamos na Pascua, na que estamos. Isto leva consigo que os cristiáns e as cristiás temos que vivir con intensidade a nosa vida. Vale, de acordo. Non esperas destes rumores que sexan a homilía da Vixilia de Pascua. Pero eu penso que os cristiáns e as cristiás non é que esteamos mortos/as. Se cadra o que estamos é un pouco anestesiados/as.

Dende as altas xerarquías ata o/as que de cando en vez imos á misa os domingos. Temos unha igrexa que non está nin viva nin morta. Está anestesiada. Toda? Pois non. Hai moitos cristiáns e cristiás que enchen de vida, que viven a tope a súa fe e

que contaxian. Seguro que coñeces algún/algunha. Seguro que te atopaches con eles e foi así que espertaches dos efectos anestésicos do día a día.

Polo cal aí tes unha posibilidade para saír da anestesia e resucitar. Achégate a eses/esas que están ao teu carón e énchete da súa vida. Escolle ben e fíxate en todo o que fan. Non deixes pasar a oportunidade de contaxiarte do seu ser. Oxalá mediante o contaxio cheguemos a celebrar que Deus está vivo. Porque se esperamos que coas homilías de sempre e coa auga bendita enchamos o mundo de vida e resurrección, estaremos durmindo moitos séculos.



1



3



2



4



A peneira

1

Na ilustración, a **BIBLIA** de Kennicott, actualmente na Universidade de Oxford. Foi escrita na Coruña no 1475, onde hai unha sinagoga para os rezos dos 300 xudeus en Galiza, a maioría reformistas que aceptan rabinas. Pero son Ribadavia, Monforte ou Tui as que conservan máis vestixios históricos da súa presenza.

2

O 12 foi a **FESTA DA PASCUA** nas dúas parroquias (Lugo e A Coruña) da Igrexa ortodoxa romanesa. Son moit@s convivindo aquí, aos que lles achegamos experiencias empresariais, como a Fundación Ronsel, para seren emprendedores con proxectos para fixar poboación no rural. Nos 25 anos da caída da ditadura lembramos aqueles trens de axuda humanitaria dende Monforte, na foto.

3

O 1 de abril marcou a fin das cotas no sector **LEITEIRO** que arrisca as 10.000 granxas, despois de pechar outras tantas nunha década. O cooperativismo é unha das solucións a esta eiva. No rural xa contamos con máis de 4000, e Coren é a máis grande do estado.

4

O **VIÑO** das eucaristías en Palestina foi secuestrado polos israelís, que cercaron a bodega do mosteiro de Cremisán na Cisjordania de Belén. Ficou separado polo muro das terras de cultivo, na parte israelí, onde tamén quedaron os cregos que transitan por un portalón. No conflito do verán os israelís destruíron 1500 edificios en Gaza.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

“Stop Vespa Velutina” é a teima da **APICULTURA**. Hai 42.563 trobos en Ourense e 42.870 en Lugo que procuran novas aplicacións: a cervexa “Meleira” de Allariz ou os tratamentos dermatolóxicos de beleza e saúde de Carmen Varela en Ribadavia. A marca Mel de Galicia diminuíu en apicultores, agora 350, pero medraron en trobos, 4000 máis ca hai 7 anos, cunha media de 620 toneladas/ano. Así “Mel da Anta” na Bóveda da Ribeira Sacra trata 250 toneladas/ano.

6

Xa non se escoita o **CUCO** nas nosas costas, pois refugan as urbanizacións e os eucaliptais, coma aconteceu nas Illas Británicas. Algún veu dende África, e axiña retorna ao sur. É a ave migratoria que menos tempo convive aquí. Son 19 especies, que aproveitan os niños doutras aves para acubillar os seus ovos, abandonando as crianzas.

7

O **ÉBOLA** segue preocupando. Na foto, Cisco Otero de Pontedeume, que é asesor de goberno de Nixeria contra o ébola cos MSF a metade do ano. Un andazo que leva matando dende hai 40 anos. Así é na República Democrática do Congo, país que leva o nome dun dos seus ríos, e segue destruindo vidas en África pero só preocupa aquí cando afecta a Occidente.

8

O **9 NICANOR ALONSO** foi recoñecido coma Republicano de Honra, o que nos contaxiou de paixón nos 60, coma crego na Coruña. Segue sendo o guieiro dunha cidadanía liberadora, e o 18 lembramos en Abellá a Manuel Ponte, Manuel Díaz Pan e Manuel “O Asturiano”. Será no cemiterio para ir a Fontao, onde se produciron as mortes, ao pé da pedra lembradoira.

❁ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

❁ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

❁ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

❁ Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

❁ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

❁ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS
SARGADELOS

❁ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

❁ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

❁ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

❁ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

❁ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

❁ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com


❁ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

❁ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

❁ Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com

Economía Xuros negativos

Pedro Pedrouzo Devesa



O pasado 7 de abril o Tesouro español conseguiu por primeira vez na súa historia colocar débeda pública con xuros negativos. Iso significa que os acredores pagarán por prestarnos diñeiro, algo que para a maioría da xente soa irreal. Dentro de seis meses, o Tesouro devolverá menos dos 725 millóns de euros que lle prestaron.

Algo mudou, se pensamos que hai dous anos estabamos cunha prima de risco superior aos seiscentos puntos, que indicaba que ninguén se fiaba de que España fose capaz de devolver o diñeiro que pedía prestado a través da débeda pública, o que nos obrigaría a pedir un rescate a Europa, que ao final non se chegou a producir máis que no eido bancario.

Aquel rescate que non se produciu e que semellaba iría asociado a un programa de recortes e reformas aínda máis duro do que pasamos, desapareceu do noso horizonte, aínda que é certo que parte das reformas que se nos ían esixir levámolas adiante igual. Foi o caso da reforma laboral ou a de pensións; a administrativa, que implicaría a fusión de concellos, nin se tocou. Os recortes viñeron derivados da escaseza de ingresos públicos ante a falta de recadación fiscal e a imposibilidade de endebedarnos máis do que estabamos. Aínda con todos os recortes que tivemos, a nosa débeda seguiu aumentando, e hoxe está cerca do 100% do noso PIB, polo que seguimos tendo un grave problema de ingresos públicos.

Pero volvamos o tema dos xuros negativos. Para entendela hai que ter en conta que o diñeiro é un valor relativo co paso do tempo. Non vale o mesmo hoxe que o ano que vén. Cando o valor do diñeiro se deprecia, necesitamos máis diñeiro para mercar o mesmo, e falamos de inflación. Cando o valor do diñeiro se aprecia, necesitamos menos diñeiro para mercar o mesmo, e falamos de deflación. A deflación implica que o diñeiro que recuperan os investidores que mercan débeda pública vale o mesmo ou máis có que utilizaron para adquirila.

Pero ese non é o único motivo que explica os xuros negativos. Unha das reformas bancarias máis interesantes que se aprobaron en Europa é que a banca ten que pagar polos seus depósitos non utilizados, exactamente un 0,2%, que no caso de Suíza sube ao 0,75%. É dicir, se non presta, paga. Iso obrígalles a prestar diñeiro aínda que sexa a xuros negativos.

Outro dos motivos é que a demanda de débeda pública está aumentando grazas ao Plan Draghi que consistirá en que, durante os vindeiros dous anos, o Banco Central Europeo adquirirá 1,14 billóns de euros de débeda pública e privada. E sabemos que cando sube a demanda de calquera produto (incluída a débeda) os prezos dispáranse, é dicir, o vendedor vende mellor. E neste caso o vendedor é o Tesouro Público, o Tesouro que nos financia o noso estado de benestar.



O peto común

Teresa Souto

Cos días máis longos e estas doses máis de luz, agardamos que o despertar das néboas e sombras cale ben fondo. Vimos de celebrar xuntas a resurrección e deberíamos incluíla en todos os aspectos das nosas vidas. No meu contorno tamén celebramos a chegada de dous pícaros novos, en plena Semana Santa e con dous días de diferenza. Naceron traendo alegrías e, hai que dicilo tamén, moito traballiño para as nais e os pais, que xa son expertos, pois xa teñen máis cativos.

Recentemente tamén celebramos o día internacional do pobo xitano; este ano o lema era "Eu non son trapacero", denunciando que o dicionario da lingua española os estigmatiza ao definilos coma "trapaceros" ou que enganar con falsidades. Na campaña, fíxose un vídeo onde nenos e nenas xitanos buscaban no dicionario a palabra xitano/a e despois a palabra trapacero, e móstranse as súas caras de sorpresa e de indignación; algunha delas di "Este dicionario di mentiras". Convidovos a velo na internet. Trapacero, en castelán, significa, "o que con astucias, falsidades e mentiras procura enganar a alguén nun asunto". Isto é o recollido na 23ª edición do dicionario da RAE de outubro do 2014. O camiño debería ser avanzar cara á non discriminación, cara á igualdade de oportunidades reais; e con estas esmeradas revisións das definicións, despois de "escoitar" as queixas dos colectivos, penso que o camiño non é común.

A inclusión da resurrección nas vidas tamén debería conlevar a inclusión real de todos e todas na sociedade.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Conversa con Lucía Caram¹

José Luis Barreiro Areses



Sor Lucía durante a súa intervención en Vigo.

É unha cara mediática da Igrexa. Participante nos faladoiros televisivos, cunha riada de seguidores nas redes sociais, esta monxa dominica residente nun convento de Manresa incomoda a moitos e malla no goberno na defensa das causas dos máis necesitados. Por iso a ameazaron, pero non teme a nada. A súa vida interior necesita gritar cara ao exterior.

Escoitándoa nestas charlas de Coresma da Parroquia do Cristo da Vitoria, o seu discurso parece o de Podemos...

Estamos a escoitar propostas de cambio, que poden estar moi ben. Necesitamos falar e vivir desde as cicatrices, desde as feridas. Cando te pos na pel da xente hai que aterrar. Non chega só con estar indignado, hai que comprometerse. Pero dixéronse tantas mentiras que a xente xa non cre. Están tan doídos e tan afeitos a que lles mintan que ata aqueles que se presentaban

“A muller ten que estar na toma de decisións da igrexa. No nos teñen que dar a palabra, débemola tomar nós”

como unha alternativa, como é Podemos, nun principio con moita forza, sementaron dúbidas arredor súa. Hoxe a xente séntese insegura coa súa opción. Creo que a solución pasa porque cada un tome unha opción e deixe de ser teórico. Poñérmonos a carón da xente e traballar coas persoas para conseguirmos este cambio. E o Evanxeo é unha forza que nos fai imparables. Pero non é unha ideoloxía, é algo máis.

“Ameazáronme de morte e tiven medo. Pero cando o deches todo, non tes nada que perder”

Como se define Sor Lucía Caram? Valeríalle o da monxa tuitera?

Eu defínome como unha persoa namorada da humanidade, namorada da persoa de Xesús Cristo. Eu non podo falar da miña opción como muller, como militante da esperanza, se non é desde a opción que fixen polo evanxeo. Non sei se o meu discurso é moderno, se teño éxito ou non, o que si sei é que estou nun momento no que a realidade da xente me esperou. A partir de aquí, por ceo, por te-

rra, por facebook, por twitter, temos que crear unha gran pandemia de compromiso e solidariedade e facer propostas positivas.

Non é unha escravitude para vostede estar no foco da actualidade?

Isto para min é moi duro. Pero no momento no que estamos, o feito de ser monxa, de dalo todo, de non ter nada que perder, de ir a faladoiros onde son a única que non cobra, dáme unha liberdade para dicir o que

penso e... se non lles gusta, que non me inviten.

Como foi a súa historia persoal?

Son a quinta de sete nunha familia moi tradicional, moi relixiosa. Os meus pais entraron no Opus Dei. A fe viviuse con normalidade na casa. Fun moi feliz. Pero chega un momento en que a fe dos teus pais non é a túa, cando empezo a me facer preguntas no medio da ditadura militar, na miña adolescencia. Por que uns temos tanto e outros tan pouco? Por que uns sofren e morren nesa loita? En Tucumán, onde eu vivía, o conflito foi moi cruel. E espertoume moitas interrogantes desde a fe. Alí a Igrexa tiña un compromiso social moi forte. As monxas dominicas que traballaban cos pobres e eran felices.. E decidín irme ao convento con 18 anos. Os meus pais opuxéronse e foi aí onde me dei conta que a súa fe era outra cousa. Empecei a estudar teoloxía. Levaba mal o de rezar tanto. Daba clases nun colexio, traballaba nun barrio as fins de semana; un ritmo de vida frenético. E pronto me sentín baleira. Ocupeime moito das cousas do Señor pero esquecínme do Señor das cousas.

Vén a España e encérrase nun convento. Aí atopou o que buscaba?

Coñecía a comunidade de Manresa, máis aberta, cunha opción polo pobres moi clara. Cando comuniquéi que me ía a Cataluña a superiora opúxose porque “os cataláns eran moi seus”? Cataluña estaba moi estigmatizada polo tema da lingua, da independencia... Escribín ao xeneral, o padre Timothy, e el díxome que a orde era moi grande e que fose ao convento que quixese. Manresa é a miña terra. Escoitei aos máis pobres, primeiro a través dos inmigrantes, do diálogo interreligioso. E despois co nacemento da fundación, un movemento de laicos. Agora sei que signi-



CHARLAS DE CORESMA

CRISTIANOS EN EL MUNDO
con Sor Lucía Caram

Venres, 20 de marzo, 20:30 h.
Sábado, 21 de marzo, 17:00 h.

Parroquia Cristo da Victoria. Coia-Vigo

fica aquilo de que *quería vivir expropiada para a utilidade pública.*

A vida de clausura, en pleno século XXI, segue tendo sentido?

Se falamos do mosteiro budista, parece que a xente o entende mellor, non o cuestiona tanto. O bo é que cada un poida realizarse e atopar o seu propio camiño. A oración ten forza. É moi bo que cada persoa faga a súa opción e que desde o contacto coa fonte da vida poida tamén dar vida ao mundo. Non entendo unha vida contemplativa pechada só á oración, senón como un espazo privilexiado onde se poden abrir as portas para que a xente veña

“O evanxeo é unha forza que nos fai imparables, pero non é unha ideoloxía, é máis”

a orar e poida reconciliarse consigo mesmo e asuma un compromiso.

Que importancia lle dá ao silencio neste mundo de ruído, na nosa vida diaria?

É fundamental como camiño de retorno ao propio corazón. Reconciliarnos con nós mesmos, coa nosa historia, para dar o mellor de nós. Cando un volve cara a dentro e se serea, irradia e é capaz de dar sombra para que tamén os outros atopen alivio e acougo. Ás veces corremos tanto que vivimos exiliados de nós

mesmos e non somos conscientes do que somos capaces de facer e de ser.

Compromiso político. Vostede di que nin do PP nin do PSOE. É o momento dos cidadáns, de Podemos, de quen?

Pablo VI dicía que a política é a arte sublime de servir ao ben común. Boa definición. A política é demasiado importante para deixala só en mans dos políticos: os cidadáns debemos de ser corresponsables. Cando digo nin PP nin PSOE refírome a gran escala e por todo o sistema creado para ir tapando as súas vergonzas, a como se foi institucionalizando a corrupción. Pero atópome con moitísimas per-

soas a nivel local, tanto do PP como do PSOE, que entran á política con ganas de servir. É o momento da cidadanía, sen dúbida.

Vostede si se manifestou moi proclive ao señor Artur Mas e ao independentismo catalán...

Manifesteime a favor da democracia e do dereito da xente a decidir. Que erro hai en que a xente poida votar? Pero non perdoo que Mas e Rajoy non estean dialogando cada día. Creo que en Catalunya, como no resto de España, fixéronse recortes sociais

Entrevista Conversa con Lucía Caram

José Luis Barreiro Areses



Sor Lucía acompañada de varios membros da comunidade da Cristo da Vitoria

que son imperdoables. Defendo que Artur Mas non roubou. En canto ao do independentismo, Mas fixo unha opción por esa vía tras escoitar o pobo (recordo a manifestación do 11 de setembro). Pero creo que máis importante que pedir a independencia neste momento é ter un modelo de país no que a xente poida ser libre e independente porque vive con dignidade, con menos recortes sociais. A xente no centro das políticas. Iso pónollo no debe do presidente da Generalitat, pero xa queredo España ter un presidente como Artur Mas.

Falemos do Papa Francisco...

O grande é que nos está sinalando o evanxeo e, tamén, moi importante, a normalidade coa que actúa. Abriu as portas para que entre aire fresco. Había moitas cousas que cheiraban a podre. Saíu do palacio e achegouse ás persoas. Non son só palabras, hai xestos importantes. No tema da tolerancia cero contra a pederastia, puxo a unha muller á fronte que foi vítima de abusos para evitar que haxa impunidade. Dixo que vai dar máis protagonismo ás mulleres na Igrexa. Dixo “quen son eu para condenar aos homosexuais?”. En moi pouco tempo,

dous anos, fixo máis do que a Igrexa en 50 anos.

Cal é a súa postura sobre o papel que a muller debe xogar na Igrexa actual?

Reducir o papel da muller ao sacerdocio é empequeñecer a súa función dentro da Igrexa. Pero habería que fa-

cer xustiza e non hai ningún obstáculo para que a muller poida ser sacerdote. O Vaticano II di que a eucaristía dáse cando se reúne a comunidade en nome de Xesús. Na comunidade reunida hai diferenza entre home e muller. A muller ten que estar nos órganos de decisión da Igrexa, nas relacións diplomáticas... A sociedade é home e muller. E na Igrexa non temos que esperar a que nos dean voz, témola que tomar. Deixar de ser menores e exercer a nosa maioría de idade.

Non dúbida? Non ten medos? Sufriñ ameazas de morte. Que me ían encher a cabeza de chumbo se seguía falando. Iso sucedeu na pri-

meira semana de novembro do ano 2014. Aí sentín medo. Pero inmediatamente cheguei ao Banco de Alimentos e alí atopeime con xente que fora desafiuzada, con problemas moi grandes, e aí esqueceume ese problema durante o resto do día.

Está vostede na Parroquia do Cristo da Vitoria, en Coia, un barrio obreiro. Sabe da protesta contra a carísima colocación dun barco nunha rotonda do barrio, símbolo da loita pola dignidade das persoas, non unha cuestión estética como algúns pretenden. Que lle parece?

A Igrexa tivo sempre certo pudor de poñerse á beira das reivindicacións. Fíxoo desde a palabra pero poucas veces poñéndose á beira da xente, nas cicatrices mesmas do problema. A xente ten dereito a vivir con dignidade e a que respecten os seus dereitos. E cando isto non pasa temos que saír e tomar pacificamente a rúa. Isto é o que se está facendo co símbolo deste

“O meu discurso volveuse incómodo e sufro presións”

barco que representa unha situación social que está naufragando.

A comida ten para vostede unha importancia vital ...

O feito de preparar a comida é unha forma de dicir ás persoas coas que compartimos a mesa que as quereamos. A preparación, o tempo... O compartir a palabra e o compartir o pan. Por iso decidimos facer un banco de alimentos e non un comedor social. Temos que facilitar que a xente poida comer en familia, son espazos de intimidade, de compartir. A comida é unha escusa para alimentar tamén as nosas relacións.

Opinión Bailando muiñeiras no século XXI

Lucía Santiago Díaz



Esta fin de semana pasada chamáronme, con cariño, “picheleira”. Nunca tal me pasara, e iso que son de Santiago. Chamáronme así porque, sendo muller, resulta que bailo cos brazos moi altos e levantando moito as pernas, tanto nas xotas, coma nas muiñeiras ou nos maneos.

Hai un tempo que decidín apuntarme as clases de baile na “Gentalha do Pichel”, en Compostela, para aprender a bailar nas foliadas. Alí coñecín a Carme Campo, traballadora do Museo do Pobo Galego e profesora de baile dende hai moitos anos. Carme defende a idea de que o baile é unha “ferramenta de comunicación da cultura”, polo que “é necesario repensarmos a maneira en que mantemos o baile tradicional”. E polo mesmo motivo polo cal bailamos muiñeiras aínda que non sexa no muíño e bailamos chotis aínda que os nosos pasos reteñan poucas reminiscencias dos *schottis* centroeuropeos; tamén podemos desfacermonos das desigualdades de xénero no baile¹.

Hoxe, en moitas foliadas desapareceron os roles de xénero, é dicir, non se baila só enfrontados homes contra mulleres, nin son eles os únicos que poden “sacar puntos” (para os non entendidos pódese traducir como cando unha persoa comeza a bailar dunha determinada forma para que os demais a imiten). Non, as mulleres sacamos puntos igual ca eles e, coma a maioría das veces báilase con pantalóns, acaban por desaparecer os “puntos ou pasos” propiamente de homes ou de mulleres, os cales estaban moitas veces supeditados aos pesados traxes tradicionais.

Pero a cousa non acaba aí, nas foliadas estamos todos ao mesmo nivel: homes, mulleres, músicos, bailadores, público... Trátase dunha festa onde hai músicos, pero todos poden pñerse a tocar, pois non sobran as pandeiretas que se deixan no chan para “quen queira”, e non é raro que se intercambien os instrumentos: o que canta logo toca a gaita, logo vaise cós bailadores e bailadoras a sacar uns

temos a obriga de modificar as ferramentas de comunicación da cultura buscando unha sociedade mais igualitaria?

puntiños ou pñese a mirar e a beber un pouco de licor café. Os roles difumináanse, mestúranse, van trocando... e a barreira escenario-público desaparece.

Por todo iso, o baile tradicional galego é un baile que pode reflectir moitos dos valores que a nosa sociedade está a demandar hoxe. Trátase dun baile que permite encaixar unha certa liberdade individual sen perder o sentido do grupo. Un baile en certa medida improvisado (a min recórdame ás *jamsessions* do mundo do jazz) pois nunha foliada o que saca un punto pode inventalo ou darlle un toque diferente. Un baile que hipnotiza introducindo o factor sorpresa, obrigándoches a estar pendente porque ti non sabes o punto que se vai sacar.

Para concluír déixovos a seguinte reflexión: partindo dunha revisión crítica do que fomos, do que somos e do que queremos ser, temos a obriga de modificar as ferramentas de comunicación da cultura buscando unha sociedade mais igualitaria?

1 - Se queredes saber mais podedes ler un artigo dela en SermosGaliza titulado “*Qué xenero de baile queremos?*” <http://www.sermosgaliza.gal/opinion/carme-campo/genero-baile-queremos/20140313203400025311.html>

O esvaecedor de silencios Un engano para soñar

Manuel Arca



Estás bébeda, Sue Ellen

Grazas á dobraxe acadamos un estado de normalidade, ao ver persoeiros importantes a falar galego.

A dobraxe en galego, entendida como a entendemos hoxe, naceu coa creación da TVG, aló polo ano 1985. Daquela, neste ano 2015 fai 30 anos. Recente, si, mais potente. A dobraxe ao galego demostrou moitas veces o seu bo facer: boas traducións e boas interpretacións, o que garantiron o seu éxito co público e a implantación nos nosos records mediante decenas de frases e escenas míticas. Non obstante... Cal é o seu porvir?

Ata hai ben pouco existían industrias de dobraxe tamén na Comunidade Valenciana e nas Illas Baleares. Estudos que dobraban a cadansúa variedade do catalán. Catar o debate sobre a xustificación da súa existencia, estas empresas morreron (ou están a morrer) a causa de que o seu cliente principal, impulso principal da súa creación, desapareceu ou decidiu prescindir dos seus servizos.

A dobraxe galega leva tempo procurando alento desesperadamente. Unha arte coa que todos medramos e que todos levamos no corazón por algunha ou outra razón non merece pedir axuda a berros. A TVG, o cliente que motivou o seu nacemento, xa non encarga un volume de

traballo sostible, malia figurar así nos plans de orzamento de Política Lingüística. Cartos que se esfarelan e, con eles, palabras da nosa lingua, personaxes e escenas que fican mudas.

A dobraxe é necesaria. Mesmo aínda que para algúns sexa nociva, a dobraxe é un “mal” necesario. Pois grazas a ela unha lingua pode acadar un estado de normalidade, ao ver persoeiros importantes a falar galego, ao sentir unha lingua limpa de interferencias e natural, ao escoitar un galego propio foneticamente falando, ao achegárense culturas alleas a través da idiosincrasia propia... Precisamos da dobraxe, polo si ou polo non. E

cada un de nós ten un motivo de seu para reclamala e apoiala.

Cumpriría que a situación fose mellor, desde logo. Os nosos veciños cataláns e vascos teñen a opción de escoller o subtítulado na súa lingua vernácula. Poden acceder ao cine a ver certas películas no seu idioma. E mesmo poden seleccionar ouvir as palabras da súa fala co mando do seu DVD. A anos luz de nós, vaia.

Coa dobraxe sentimos ese engano que nos mergulla en que Clint Eastwood, Morgan Freeman, Doraemon, Son Goku ou Shin-chan falan o galego e, que ao mesmo tempo, nos achegan a eles, e eles aproxímanse á nosa realidade. Os Estados Unidos, Francia, Alemaña, o Xapón...; están máis preto de nós. Só reclamando o noso espazo na produción internacional faremos ouvir a nosa voz. Non é imposible e lévase facendo de marabilla. É un soño real. Unha ilusión... De cine.



Un ano máis reunímonos, e esta vez baixo o lema “Ética pública e participación cidadá. A relevancia do factor cristián”. O tema era de moito calado e de total actualidade.

Comezamos cunha pequena introdución recordando que todo o encontro é celebración. Puxemos unha cruz na que colgamos as “feridas” da nosa sociedade (fame, paro, inmigración, situación do galego...), para non perder de vista que a loita contra eses contravalores é o que lle dá sentido á nosa participación cidadá.

Invitamos a Daniel López para que nos fixese a introdución. Non puido estar connosco, pero mandounos un completo texto que nos serviu para motivarnos e centrar o tema. A través del foinos desmontando os malos entendidos entre relixión, política e cristianismo. Aclarando que o cristianismo xenuíno ten unha inevitable proxección política. E que, para esa práctica política, o factor cristián pode aportar certas claves. Destacaba, entre outras, que pode ser unha boa vacina contra o empoleiramento e o desclasamento de moitos políticos cando “tocan poder”; contra o purismo e a ansiedade, contra a inconsistencia, o prometer e non dar; unha alerta contra as “malas compañías”;

un impulsor da gratuidade máis auténtica e un salvavidas contra o afogamento na realidade líquida, sabendo que hai unha solidez insubornable, que é a dignidade da persoa humana.

Na mesa redonda, Alfonso Mascuñana, da *Marea Atlántica*, axudounos a completar o texto de Daniel explicándonos que para a súa praxe a vivencia do seguimento de Xesús lle aportaba: un horizonte ou proxecto ideal que te leva a intentar dar o mellor de ti; unha pacificación cun mesmo que te axuda a ser capaz de aceptar as derrotas propias e alleas; a preferencia polas persoas máis golpeadas e a loita contra as situacións persoais e estruturais que as orixinan; e o sentido colectivo, que te leva a ser humilde respecto ao que un pode, de feito, facer.

A continuación, Mochi, do Cristo da Vitoria de Vigo, contounos como foi a súa experiencia de achegarse de maneira casual á parroquia e como, desde a comunidade, foi descubriendo a necesidade de irse implicando nas loitas sociais e veciñais do barrio, na defensa dos máis desfavorecidos, na denuncia das inxustizas... Explicáronnos tamén como historicamente se tiñan conseguido melloras para o barrio a través do diálogo cos partidos

Josecho Barca

e como está actualmente a loita “do barco”. Todo un exemplo de micro-política que recibiu un aplauso de apoio da asemblea.

E, por último, Benito Santos compartiu a súa experiencia de participación en *Gañemos-Vigo*. Explicounos como, desde a responsabilidade e o convencemento de que temos unha oportunidade de cambiar as cousas, tentou colaborar para tratar de unir, xuntar forzas, buscar acordos... entre distintas propostas que xurdiron a partir do 15M na cidade de Vigo. O resultado final non foi o esperado, pero segue pensando que o feito de que aparecen estas novas iniciativas xa supuxo un cambio positivo na forma de facer política e que temos a oportunidade de actuar para cambiar o sistema.

Neste momento suplantamos os contravalores colgados na cruz por valores e realidades positivas tamén presentes na nosa sociedade e démonos unha forte aperta de paz.

Tralo debate, coas rosquillas de Charo e un pouquiño de descanso, collemos folgos para ir traballar aos grupos tentando ver que pasos teriamos que dar para alcanzar unha democracia realmente participativa.

Na posta en común que fixemos despois do xantar e do paseo para baixar a comida, saíron moitas propostas das que aquí só recolleemos algunhas. É necesario:

- **Implicarse e comprometerse. Non se pode “pasar” da política, aínda que haxa cousas que non nos gusten. Hai que saber como se toman as decisións.**
- **Facer un traballo de concienciación no sentido de evitar reduccionismos: política non é ir votar cada catro anos, nin unicamente o que fan os partidos.**
- **Apoiar e axudar explicitamente desde as nosas comunidades as persoas que asuman o compromiso de implicarse máis directamente nas organizacións e partidos. As comunidades deben ser lugar de discernimento.**
- **Facer pública esta nosa maneira de entender a política, que vai en sintonía co que di o papa Francisco, pero está moi lonxe doutros discursos da xerarquía.**
- **Apoiar as novas iniciativas que están xurdindo, que son motivo de esperanza e que xa están provocando “efectos positivos”**
- **Continuar na política das manifestacións, das asociacións, de reclamar os nosos dereitos, de que se desprivatice o privatizado...**

Non se pode
“pasar” da
política, aínda que
haxa cousas que
non nos gusten

Con todo o falado ao longo do día acordamos preparar unha declaración e enviala aos medios de comunicación ao longo deste mes de abril.

Como xa dixemos ao principio, toda a nosa xornada foi celebración, pero rematamos o día compartindo a palabra, o pan e o viño e unha fermosa pregaria que, para a ocasión, prepararon os compañeiros da Vangarda Obreira.

E como dicía alguén ao final do encontro: non se pode tirar a toalla nunca, pero agora, menos. É un momento oportuno para cambiar o sistema. Aproveitémolo.




Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova

KEEP
CALM
e
busca
a ovella

A PALABRA

DOMINGO 26 DE ABRIL. IV DE PASCUA

A PALABRA. Xn 11, 11-18

Naquel tempo, díxolles Xesús aos fariseos: «Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispértaas; porque el anda ó xornal e as ovellas non lle importan. Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñecenme a min. Igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas. Teño ademais outras ovellas que non son deste curro: tamén a esas téñoas que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un único rabaño e un único pastor.

Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo. Ninguén ma quita; non, eu doua voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.»

A CLAVE

Viu o lobo! Viulle as orellas o lobo! O galego está cheo de locucións deste animal salvaxe ao que o campesiñado galego e, sobre todo, gandeiros e pastores tiñan medo de atopar no seu camiño. A alguén de vila, rodeado de asfalto, coches e edificios de vivendas, poden resultarlles alleas estas palabras de Xesús, mais non así para toda a Galicia rural, e especialmente na época preindustrial, tan próxima no seu imaxinario ao que podía ser a Palestina do s. I.

Xesús emprega historias próximas, cotiás, ao público ao que se dirixe. Non só ilustran a súa mensaxe, senón que introducen ás/aos ouvintes nas sensacións, na experiencia do que supón seguir ao Señor. *Viron o lobo*: quen están arredor de Xesús senten o medo, os perigos que os axexan. E entón Xesús introduce a singularidade do Reino, do que supón o seu seguimento. “O Señor é o meu Pastor, nada me falta”, proclama o salmo 23, que todos coñecían. Mais El di que “Eu son” o Bo Pastor, o que dá a vida polas ovellas e nunca as abandona. Toda a vida de Xesús parte de ser un con Deus, dese identificarse con Deus, que consegue a través da oración. Porque coñece a Deus pode testemuñar que “Eu son”, porque o coñecemento dun mesmo parte do coñecemento, do contacto íntimo con Deus. E a partir de aí os actos, as obras, cobran o seu sentido, o Amor con maiúscula ocupa o posto central, tal como percibiu Paulo e que tan ben nos transmitiu na 1ª carta aos Corintios: “Por moito que eu reparta todo o que teño e me deixe queimar vivo, se non tiver amor non me sería de proveito ningún (...) En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza e o amor. Mais delas a meirande é o amor”.

J. A. Martínez


O ECO

«Que o noso sexa un cansazo san, o do sacerdote con olor a ovella e sorriso de papá que contempla a seus fillos ou a seus netos pequenos. Nada que ver con eses que cheiran a perfume caro e que miran desde lonxe e desde arriba Somos os amigos do Noivo, esa é a nosa alegría. Se Xesús está a pastorear con nós, non podemos ser pastores con cara de vinagre, queixosos, e o que é peor, pastores aburridos. Olor a ovella e sorriso de pais. Si, ben cansos, mais coa alegría de quen escoitan ao seu Señor dicir: “Vinde a min, benditos de meu Pai”.»

Francisco

Falando da lingua Adicción ou adición?

Lidia e Valentina



Fixo un ricto diante daquel rito

O outro día démoslles un repaso a esas palabras que mudaron a súa ortografía a partir de 2003. Antes mantiñan o grupo culto (ct ou cc) igual ca en castelán e agora non o teñen. Lembrades termos tan comúns como *vitoria*, *vítima*, *condutor*, *dicionario* ...? Seguramente agora xa escribides ben *produto* e *redución*, pero non vaiades confundirvos e “pasarvos de freada”. Lembrade que estes grupos cultos perden o C, só diante de I e U. Isto quere dicir que palabras

como “redacción” ou “acción” seguen a levar CC porque van precedidos por un A; igual ca “afeccionado” ou “obxecto” manteñen os grupos cultos porque a vogal que os precede é un E. Insistimos en que esta mudanza só se produce despois das vogais I e U.

Mais, tal e como vos deixamos enunciado o outro día, como toda boa regra, ten un par de excepcións. As *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* din que convén manter a primeira consoante nalgunhas

palabras pertencentes a linguaxes especializadas ou de escasa presenza na fala. É que os grupos cultos son acaídos para aquelas palabras que temos por máis “cultas”... Daquela manteñen o C termos como *micción*, *verdicto*, *dicción*, *convicto*, *ficticio*, *ficción*, *edicto*, *fricción*, *ictericia*, *ictioloxía*, *invicto*, *lictor*, *pictórico*, *succión*...

A outra excepción refírese a aqueles termos que, ao quitarlle o c, pasarían a confundirse con outros. Por exemplo “adicción” ou “ricto”, que teñen un significado diferente de “adición” e “rito”.

O ricto é a contracción que facemos cos labios como para forzar un sorriso e que, moitas veces, indica resignación ou mesmo sarcasmo; isto pouco ten que ver cos “ritos” relixiosos, por exemplo. Tamén son ben distintas as “adicións”, poñamos por caso, ás drogas, ca as “adicións” que se fan coa calculadora, ou as que se lle engaden a un contrato. É dicir, esta última ten que ver con “engadir, sumar” e a primeira con esa inclinación moi forte cara a algo que nos crea dependencia. Para a seguinte volta, “reitor” e “seita”...

O Fachineiro do cine

Manoel de Oliveira

Lin no libro *O vendedor de passados* -do escritor angolano José Eduardo Agualusa- que estaba un vello celebrando o seu centenario e ao lle preguntaren como se sentía respondeu “non sei ben; aconteceu todo demasiado rápido”. Algo semellante lle debeu ocorrer a Manoel

de Oliveira, ata hai dúas semanas o realizador en activo máis lonxevo da historia do cine. El mesmo é historia do cine (pasou do mudo ao sonoro e do branco e negro á cor) e se en lugar de nacer no Porto viñese ao mundo en, por exemplo, San Francisco, o seu óbito había ocupar ben máis espazo que a discreta noticia da súa morte. O seu cine non é para todo o mundo e os mesmos portugueses están



divididos entre os que gustan e foxen da súa filmografía. Neste caso sería aplicable a pregunta “a ti gústache o cine ou as películas americanas?” Porque son cousas distintas. Oliveira, palma de ouro en Cannes hai sete anos, dixo que el medrara co cine e que o cine o fixera medrar.

Tamén Santiago o recoñeceu co premio Cineuropa no ano 2003. Alí subiu el, todo rufo, ao escenario do Teatro Principal a agradecer o agasallo. Nese mesmo escenario, púidose ver a súa última obra hai só cinco meses: *O vello do restelo*. As súas películas son un recoñecemento ao poder da palabra. É unha boa ocasión para verlle algunha..

A.Q.